

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. ISIDORA RIESTRA
CURSO: 2º PRIMARIA
MATERIA: MÚSICA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 13/MAIO/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 4	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.-Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando cancións.	1.-Participa de forma activa na interpretación de cancións.
2.-Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos.	2.-Acompaña as cancións con esquemas rítmicos.
3.-Coñecer símbolos da negra e da corchea.	3.-Diferencia símbolos da linguaxe musical (negra e corchea).
4.-Realizar pequenas coreografías.	4.-Participa nas actividades de movemento e danza.
5.-Reproducir e representar esquemas rítmicos coa voz, o corpo e instrumentos de pequena percusión.	5.-Acompaña cancións con instrumentos de pequena percusión.
6.-Describir características de instrumentos de pequena percusión.	6.-Recoñece os instrumentos de pequena percusión dados.
7.-Coñecer as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	7.-Participa na elaboración de sinxelos instrumentos musicais a partir de materiais de refugallo.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será global e continua. A clase de música é totalmente activa polo que o principal procedemento de avaliación ,é a observación directa da actividade e actitude do alumnado ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas. Para esta situación especial as actividades propostas teñen un carácter activo de desenvolvemento dende a casa.</p>
	<p>Instrumentos: O principal instrumento de avaliación serán os datos que se teñen recopilados da 1º e 2º avaliación, tendo en conta a participación nas actividades propostas para este trimestre, xa que non podemos esquecer os problemas de adaptación a esta nova situación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final de curso sairá de valoración dos contidos, procedementos e actitudes ,atendendo as actividades de ritmo, entoación, discriminación auditiva, linguaxe musical, expresión instrumental, seguimento das audicións da primeira e segunda avaliación e participación nas actividades propostas para este trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non se contempla nesta etapa.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Atendendo as anteriores avaliacións, e sempre considerando que esta avaliación só pode repercutir positivamente,valorarase se acadou os mínimos para superar a materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Dado que a clase de música é totalmente activa, as actividades propostas serán totalmente activas e de participación dende a casa, coas limitacións que isto supón. Serán actividades de aprendizaxe lúdicas de ritmo, canto, musicogramas, percusión corporal etc.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para levar a cabo a conexión co alumnado creouse un blog onde semanalmente vanse poñendo as distintas actividades, paralelamente cada nivel está en contacto con un grupo de whatsapp onde o alumnado vai manifestando se atopa algunha dificultade. En canto aos alumnos sen conectividade mediante teléfono déronse as pautas para que foran realizando tarefas de repaso propostas na clase sobre todo para alumnos de 3º,4º,5º e 6º para que non perdan soltura no manexo da fruta.</p>
Materiais e recursos	<p>Ordenador, teléfono, material de linguaxe musical ,cancioneiros, colección de audios de diferentes estilos, recursos online.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Páxina web, abalar, correo electrónico, medios telefónicos, videoconferencias.
Publicidade	Publicación páxina web.